

**DECRETO ALCALDÍA**  
**(Expediente Xestiona: 1950/2021 – RISGA2021)**

VISTO a resolución de concesión dunha subvención por parte da Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación, como persoal laboral temporal, de dez (10) traballadores/as, ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia – RISGA (DOG núm. 78, do 27 de abril de 2021).

VISTO a retención de crédito do 28/04/2021 polo importe da achega municipal de 1.025,00 euros; o Informe do Servizo de Persoal e Emprego do 03/08/2021, relativo á Xeración e Retención de Crédito polos importes de 59.435,80 euros e de 471,98 euros, correspondentes, respectivamente, á subvención e á achega municipal a aplicar ao exercicio 2021; e a retención de crédito do 06/08/2021 polo sumatorio de ditos importes.

VISTO as Bases reguladoras do proceso de selección para a contratación dos traballadores antes mencionados.

VISTO o Informe-Proposta de 05/08/2021 do Servizo de Persoal e Emprego relativo á aprobación das Bases pola Xunta de Goberno Local.

VISTO o Informe favorable de Intervención, do 6 de agosto de 2021, de fiscalización das Bases reguladoras do proceso de selección.

VISTO o nomeamento, como membros do grupo mixto de selección, do representante da Concellería de Emprego e Igualdade e do representante dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Facendo uso das atribucións que me confiren os artigos 21 e concordantes da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e o art. 7 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

**DISPOÑO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia, para este caso concreto, que ostenta a Xunta de Goberno Local por delegación de Alcaldía en virtude do Decreto do 25 de xuño de 2019 (BOPPO núm. 129, do 8 de xullo de 2019), relativa a “(...) g) Aprobar a oferta de emprego público consonte ao Orzamento e o plantel aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo”.

Procede dita avocación debido a que para cumplir coa data prevista para a formalización dos contratos, de 25 de xullo de 2021, deben aprobase as Bases reguladoras do proceso selectivo coa maior celeridade, para garantir un correcto desenvolvemento do proceso de selección conforme aos prazos legalmente impostos, sen que sexa posible demorar dita aprobación á celebración da próxima Xunta de Goberno Local.

**Segundo.-** Aprobar e ordenar publicar as Bases reguladoras do proceso de selección para a contratación de dez (10) traballadores/as, perceptores da RISGA, como persoal laboral temporal, para a realización do Programa municipal de contratación temporal de persoas desempregadas para o fomento do emprego 2021, ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021.

**Terceiro.-** Nomear aos membros do Tribunal cualificador de conformidade coa composición establecida na base sexta das Bases reguladoras do proceso selectivo, para os postos seguintes:

- Presidente: Rosa Carrero Vicente
- Secretario: Francisco Guerra García
- Vogais: M<sup>a</sup> Carmen Lorenzo Penido  
José Manuel Moure Fernández (1)  
M<sup>a</sup> Ángeles Hermida Garazo (2)

(1) En representación da Consellería de Emprego e Igualdade, ou persoa en quen delegue de acordo co disposto na resolución do 23/07/2021 da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego e Igualdade.

(2) En representación dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ou, no seu caso, o suplente que asista de acordo co disposto na resolución do 05/08/2021 do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

**Cuarto.-** Acordar o nomeamento, ao abeiro do disposto na base sexta das Bases reguladoras, de Félix Navaza Aller como colaborador, con voz e sen voto, do Tribunal cualificador.

**Quinto.-** Ordenar a publicación da data, lugar e hora no que terá lugar a primeira fase do proceso de selección, consistente na realización dunha entrevista persoal, segundo o previsto na base quinta das Bases reguladoras, nos seguintes termos:

- Data da entrevista: 16/08/2021
- Lugar: Concello de Lalín, Praza de Galicia, nº1, Lalín.
- Hora: de 09:30 horas en adiante.

O Alcalde,  
D. José Crespo Iglesias

(documento asinado digitalmente á marxe)

Dou fe  
A Secretaria Accidental,  
D<sup>a</sup>. Fátima Cortizo Seijas

